

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2014 pola que se convoca un curso monográfico sobre ética pública e medios para previr a corrupción.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2014 e, de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, un curso monográfico sobre ética pública e medios para previr a corrupción conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Este curso ten como obxectivos, entre outros, analizar os criterios e principios básicos que regulan a ética pública e a súa relación coa transparencia, así como estudar as ferramentas normativas políticas e sociais que faciliten a promoción da ética e a loita contra a corrupción.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A importancia e prioridade das medidas preventivas na loita contra a corrupción.
- Delitos de malversación e de fraudes á Administración.
- Delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo.
- Os compoñentes éticos, políticos e xurídicos dunha sociedade limpa.
- A dialéctica entre sistema e baleiro en tempos de crise.
- Delitos de prevaricación e de negociacións e actividades prohibidas aos funcionarios públicos.
- Reflexións sobre a eficacia da actuación xudicial contra a corrupción.



- Delitos de suborno e tráfico de influencias.
- Comportamentos corruptos: da tolerancia á prevención.

### 3. Destinatarios.

Persoal ao servizo da Administración galega e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, xuristas, profesionais, universitarios e interesados en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Datas e horario: 27 e 28 de novembro, mañá e tarde.

Duración: 15 horas lectivas.

### 5. Número de prazas.

O número de prazas estará limitado pola capacidade do local.

### 6. Solicitudes.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

As persoas solicitantes poderán obter calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, chamando aos seguintes números: 981 54 62 41/981 54 62 39.

### 7. Prazo.

O prazo de inscrición estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata as 11.00 horas do mércores 26 de novembro de 2014.

### 8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o número de solicitudes non xustificase a súa realización.



9. Certificado de asistencia.

Ao final do curso entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

